

CURSO 2021-2022
**CONVOCADAS AXUDAS PARA:
 PARTICIPAR NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS
 ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO
 MATERIAL ESCOLAR**
CONVOCATORIA: Orde do 6 de maio de 2021 (DOG núm. 93 do 20.05.2021)

SOLICITUDES: No enderezo <https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>; na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> ou na **Secretaría do centro**. (código de procedemento ED330B)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: **Ata o 19 de xuño (incluído)**. Para a súa **presentación telemática** poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365. A **presentación presencial** realizarase na SECRETARÍA DO CENTRO

AXUDA	BENEFICIARIOS	RENDA PER CAPITA	CONTÍA
FONDO SOLIDARIO LIBROS	3º, 4º DE E. PRIMARIA	=ou <6.000 € >6.000 € = ou < 10.000 >10.000 €	6 LIBROS 4 LIBROS Segundo existencias
	En garda ou tutela da Xunta ou DISCAPACIDADE = ou > 65%	-----	6 LIBROS
AXUDA LIBROS DE TEXTO	1º E 2º DE E. PRIMARIA	= ou < 6.000 € >6.000 € = ou <10.000 €	210 € 140 €
	Ed. Especial ou Discapacidade =ou >65%	-----	275 €
	En garda o tutela da Xunta	-----	210 €
	Con NEAE (3º, 4º, 5º e 6º EP)	= ou <6.000 € >6.000 € = ou <10.000 €	210 € 140€
AXUDAS MATERIAL ESCOLAR	DE 1º A 6º DE E. PRIMARIA	= ou <6.000 €	50 €
	En garda o tutela da Xunta, Ed. Especial ou Discapacidade =ou >65%	-----	50 €
	Con NEAE	= ou < 6.000 €	50 €

DOCUMENTACIÓN A APORTAR (Fotocopia e orixinal para cotexar):

- **Copia do Libro de Familia** onde figuren todos os membros computables da unidade familiar. Se hai algunha situación distinta (separacións, divorcio...) deberá presentar, ademais, documentación xustificativa (**situación familiar a 31.12.2019**):
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/da menor.
 - Certificado de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- **Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia (incluído o alumnado cunha discapacidade =>65%) recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta**
- **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero**
- **Resolución xudicial de incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada**
- **Alumnado en situación de garda o tutela da Xunta:** copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores.
- **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais, se o pai, nai e/ou titor/titora carecen de DNI e NIE.**

COMPROBACIÓN AUTOMÁTICA DE DATOS (salvo que se opoñan. Neste caso achegarán os respectivos documentos):

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou do seu representante, así como do resto de membros computables da unidade familiar.
- Declaración da renda das persoas físicas do ano 2019.
- Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta.
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a discapacidade = 33%) do solicitante e/ou restantes membros da unidade familiar.

PRAZOS:

FONDO LIBROS:

- LISTAXES PROVISIONAIS **2 DE XULLO**
(As persoas interesadas poderán reclamar nos 2 días seguintes á publicación do listaxe provisional)
- LISTAXES DEFINITIVAS **9 DE XULLO**
- ENTREGA DE LIBROS **SETEMBRO**

- RECOLLIDA DE VALES

A partires do 12 de xullo e durante todo o mes en horario de 12 a 14 horas.

OBRIGAS:

- DEVOLVER OS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL REUTILIZABLE ADQUIRIDO COAS AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO OU RECIBIDO DO FONDO SOLIDARIO NO CURSO 2020/2021 (Os de 1º E 2º DE EP, de EE, con DISCAPACIDADE = ou >65% ou NEAE só cando se poida reutilizar)
A FALTA DE DEVOLUCIÓN SERÁ CAUSA DE EXCLUSIÓN NAS NOVAS AXUDAS SOLICITADAS NO CURSO 2021/2022.
- CONSERVAR EN BO ESTADO OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL REUTILIZABLE RECIBIDOS OU ADQUIRIDOS NO CURSO 2021/2022.
- DESTINAR O IMPORTE DOS VALES A FINALIDADE PARA A QUE FORON ADXUDICADOS.
- RESPECTAR AS OBRIGAS ESTABLECIDAS NO ART. 11 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

CÁLCULO DA RENDA PER CAPITA: EXERCICIO FISCAL 2019

Sumarase a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460) das declaracións de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos E O TOTAL DIVÍDESE ENTRE O NÚMERO DE MEMBROS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR (PAIS E FILLOS).

O horario para recibir documentación no centro é de luns a venres de 11:30 a 12:00 horas durante o mes de maio e de 11:50 a 12:20 durante o mes de xuño.